

Por acordo de claustro e consello escolar celebrados o día 21 de febreiro de 2022, establécense as seguintes addendas ás Normas de Organización e Funcionamento existentes.

ADDENDA Nº 1:

O apartado 4, queda establecido do seguinte xeito.

4. Condutas contrarias á convivencia.

Segundo o *Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.*

1- Considéranse condutas contrarias á convivencia:

- a) *Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.*
- b) *Condutas leves contrarias á convivencia.*

2. De acordo co establecido no artigo 28 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, considérase acoso escolar calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro ou outra ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar. O acoso escolar terá a consideración de conduta gravemente prexudicial para a convivencia.

3. Para o caso de comisión de condutas que deriven en actos que puidesen ser constitutivos de delito ou falta penal, a dirección do centro, por instancia propia ou de calquera membro da comunidade educativa, porao en coñecemento da Administración educativa e dos corpos de seguridade correspondentes, ou do Ministerio Fiscal, sen prexuízo de tomar as medidas preventivas oportunas. O modelo e o procedemento para trasladar esa información e coordinar as actuacións pertinentes facilitarase de conformidade co establecido no artigo 28.2 do decreto de convivencia.

2- Gradación das medidas correctoras:

Para a gradación das medidas correctoras tomaranse en consideración especialmente os seguintes criterios establecidos no decreto de convivencia.

- a) O recoñecemento espontáneo do carácter incorrecto da conduta e, de ser o caso, o cumprimento igualmente espontáneo da obriga de reparar os danos producidos.
- b) A existencia de intencionalidade ou reiteración nas condutas.

c) A difusión por calquera medio, incluídos os electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos, da conduta, as súas imaxes ou a ofensa.

d) A natureza dos prexuízos causados.

e) O carácter especialmente vulnerable da vítima da conduta, de tratarse dunha alumna ou dun alumno, en razón da súa idade, da recente incorporación ao centro ou calquera outra circunstancia que se considere propiciadora desta vulnerabilidade.

3- Reparación de danos causados:

1. O alumnado está obrigado a reparar os danos que cause, individual ou colectivamente, de forma intencionada ou por negligencia, ás instalacións e materiais dos centros, incluídos os equipamentos informáticos e o software, e aos bens doutros membros da comunidade educativa, ou a facerse cargo do custo económico da súa reparación. Así mesmo, está obrigado a restituír o subtraído ou, se non fose posible, a indemnizar o seu valor. As nais e pais ou as titoras ou titores legais serán responsables civís nos termos previstos pola lexislación vixente.

2. Cando se incorra en condutas tipificadas como agresións físicas ou morais, deberá repararse o dano moral causado mediante a presentación de escusas e o recoñecemento da responsabilidade dos actos, ben en público ou en privado, segundo corresponda pola natureza dos feitos, e de acordo co que determine a resolución que imponha a corrección da conduta.

3. O réxime de responsabilidade e reparación de danos establecidos nos dous parágrafos anteriores é compatible coas correccións disciplinarias que, de ser o caso, correspondan.

Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia

Son condutas gravemente prexudiciais para a convivencia as que se enumeran a continuación:

a) As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.

b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación e identidade sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.

d) A gravación, manipulación ou difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.

e) As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 da Lei 4/2011.

f) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.

g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipamentos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.

h) Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.

i) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro ou a incitación a elas.

j) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto terceiro do artigo 11 da Lei 4/2011 cando é requirido para iso polo profesorado.

k) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.

l) O incumprimento das sancións impostas.

Medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais

As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes poden ser corrixidas coas seguintes medidas:

a) Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.

b) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.

c) Cambio de grupo.

d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

f) Cambio de centro. A medida correctora de cambio de centro terá carácter excepcional.

Aquelas condutas que atenten contra a dignidade persoal doutros membros da comunidade educativa que teñan como orixe ou consecuencia unha discriminación ou acoso baseado no xénero, orientación ou identidade sexual, ou unha orixe racial, étnica, relixiosa, de crenzas ou de discapacidade, ou que se realicen contra o alumnado máis vulnerable polas súas características persoais, sociais ou educativas, terán a cualificación de condutas gravemente prexudiciais e levarán asociadas como medidas correctoras as establecidas nas alíneas e) ou f) sinaladas anteriormente.

Aplicación das medidas correctoras

1. A dirección do centro, por proposta da persoa que instrúa o procedemento corrector, impondrá as correccións oportunas.
2. Unha alumna ou un alumno poderá ser readmitida/o nas clases ou no centro antes de cumprir todo o tempo de suspensión se a dirección constata que se produciu un cambio positivo na súa actitude e na súa conduta, para o cal consignará por escrito no correspondente expediente as razóns ou motivos que permitiron apreciar o antedito cambio na súa actitude e na súa conduta.

Condutas leves contrarias á convivencia

Son consideradas condutas leves contrarias á convivencia as que se enumeran a continuación:

- a) As condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa na alínea a), os actos de discriminación da alínea b), os actos de indisciplina da alínea c), os danos da alínea g), os actos inxustificadas da alínea h) e as actuacións prexudiciais descritas na alínea i) do artigo 15 da Lei 4/2011 que non alcancen a gravidade requirida no dito precepto.
- b) Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro que sexa perigoso para a saúde ou integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa, ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constitúa conduta gravemente prexudicial para a convivencia de acordo coa alínea j) do artigo 15 da Lei 4/2011.
- c) A falta de asistencia inxustificada á clase e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos polas normas de convivencia de cada centro.
- d) A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento precisos para participar activamente no desenvolvemento das clases.

e) As demais condutas que se tipifiquen como tales nas normas de convivencia do centro.

Medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia

As condutas leves contrarias á convivencia poderán ser corrixidas coas medidas correctoras que se enumeran a continuación:

- a) Amoestación privada ou por escrito.
- b) Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos.
- c) Realización de traballos específicos en horario lectivo.
- d) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.
- e) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.
- f) Cambio de grupo por un período de ata unha semana.
- g) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado haberá de realizar os deberes ou os traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- h) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

Responsables da aplicación das medidas correctoras

1. A imposición das medidas correctoras de condutas leves contrarias á convivencia levaraa a cabo:

a) O profesorado da alumna ou alumno, oído este e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos, no caso das medidas previstas nas alíneas a), b) e c) establecidas anteriormente que así figuran no Decreto 8/2015.

b) A titora ou titor da alumna ou alumno, oído este e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos, no caso das medidas previstas nas alíneas a), b), c) e d) citadas con anterioridade que así se establecen no Decreto 8/2015.

c) A persoa que ocupe a xefatura de estudos ou a persoa titular da dirección do centro, oídos a alumna ou alumno, e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor, no caso das medidas previstas nas alíneas a), c), d), e) e f) sinaladas anteriormente que así se establecen no Decreto 8/2015.

d) A persoa titular da dirección do centro, óidos a alumna ou alumno e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor, no caso das medidas previstas nas alíneas g) e h) establecidas anteriormente. A imposición destas medidas correctoras comunicárase á nai ou ao pai ou á titora ou titor legal da alumna ou alumno antes de que estas se fagan efectivas, así como á comisión de convivencia do centro.

4- Ámbito de corrección:

Tal e como establece o Decreto 8/2015, correxíranse as condutas contrarias á convivencia escolar que se produzan en calquera tipo de actividade que se desenvolva dentro do recinto escolar ou durante a realización de actividades complementarias e extraescolares que se desenvolvan fóra do citado recinto, así como durante a prestación dos servizos de transporte escolar. Así mesmo, poderán corrixirse as condutas do alumnado producidas fóra do recinto escolar que estean directamente relacionadas coa vida escolar e afecten outros membros da comunidade educativa.

5- Solicitud de revisión e execución de medidas:

As alumnas ou os alumnos ás/aos cales se lles apliquen as medidas correctoras dunha conduta contraria ás normas de convivencia recollidas nas alíneas g) e h) ou, de ser o caso, se fosen menores non emancipadas ou emancipados, as persoas proxenitoras ou representantes legais destas/es poderán mostrar o seu desacordo coa súa aplicación, no prazo de dous días lectivos, mediante escrito dirixido á dirección do centro que, logo de analizar e valorar as alegacións presentadas, ratificará ou rectificará a medida correctora.

A resolución que imponha algunha das medidas correctoras ás referidas no parágrafo anterior, así como as restantes medidas correctoras recollidas, pon fin á vía administrativa e será inmediatamente executiva.

Calquera outro aspecto relevante que teña que ver coa convivencia escolar, como poden ser os axentes responsables da convivencia escolar ou os procedementos de corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, serán os sinalados no *Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.*

ADDENDA Nº 2:

UTILIDADE DOS DISPOSITIVOS ELECTRÓNICOS.

O uso dos ordenadores e outros dispositivos electrónicos permite ao alumnado:

1. Acceder a calquera tipo de información de maneira segura e controlada.
2. Traballar de forma coordinada e colaborativa co resto de compañeiros/as.
3. Utilizar as ferramentas de produtividade de paquetes ofimáticos.
4. Sincronizar contidos en liña.
5. Tomar notas.
6. Xestionar documentos.
7. Desenvolver hábitos de lectura.
8. Interactuar con software e apps educativas.
9. Reproducir música cando o profesor/a o estime oportuno.
10. Tomar fotografías e gravar vídeos, con permiso do profesor/a, con fins educativos.

NORMATIVA DE BOAS PRÁCTICAS NO CENTRO NO USO DOS DISPOSITIVOS TECNOLÓXICOS.

1. Os dispositivos tecnolóxicos (tablets, ordenadores,...) son unha ferramenta de traballo con fins académicos, non unha ferramenta de entretemento. Dentro do recinto escolar soamente serán empregados nas aulas en momentos autorizados e controlados en todo momento polo profesorado.
2. Os dispositivos tecnolóxicos permanecerán nas mochilas ás horas de saída e entrada ao centro. Nos desprazamentos, manteranse apagados polo que non se empregarán.
3. O uso dos dispositivos será exclusivamente na aula, fóra da mesma, só debe producirse no caso de que sexa necesario para a realización dalgún traballo, previa autorización e baixo a supervisión do profesorado.
4. Os auriculares só poderán usarse no centro co permiso do profesor/a e nunca nos momentos de entrada ou saída ou polos corredores.
5. Non se poderá acceder na aula a ningunha aplicación o páxina que non fose indicada polo profesor/a. Non se poderán facer uso de redes sociais na aula nin establecer comunicación co exterior a non ser que a actividade o requira, sempre previa autorización do profesorado.
6. A cámara de fotos e de vídeo debe ser utilizada única e exclusivamente cando algún proxecto o requira e baixo a supervisión do profesorado. Non se poderán sacar fotos nin vídeos sen pedir permiso primeiro.
7. Non se subirá á rede ningún tipo de imaxe, vídeo e contido que sexa doutro compañeiro/a, sen autorización expresa.
8. As procuras realizaranse a través de Google Chrome e baixo supervisión do profesor/a. (empregarase para acceder á web do centro, á aula virtual e revisarase información de webs coñecidas como Wikipedia, Nasa, etc.).
9. Só se visualizarán os vídeos proporcionados polos docentes ou aqueles de webs educativas coñecidas e autorizadas polo docente como Eduteca, Smile and learn, Happy learning, etc.
10. Non empregarán os dispositivos durante o tempo de merenda. Nos recreos, non se utilizarán os dispositivos tecnolóxicos a non ser que a persoa de garda sexa o titor/a e o autorice.
11. Os dispositivos tecnolóxicos deben vir coa protección adecuada ante posibles accidentes (funda e protector de pantalla). A cámara estará tapada con fin de garantir a seguridade dos nenos/as. Destaparase soamente no momento de uso.

12. O acceso a internet estará controlado a través da rede do centro. Débese realizar un uso adecuado da rede atendendo en todo momento ás indicacións do profesorado.
13. O profesorado fará as comprobacións necesarias para asegurarse de que o contido do dispositivo é o adecuado e que están abertas só as aplicacións o páxinas que se precisan para esa actividade.
14. En ningún caso se poderá acceder de forma non autorizada a un dispositivo dun compañeiro/a, docente ou calquera outro membro da comunidade educativa.
15. Ningún alumno/a deberá compartir os seus contrasinais persoais ou de terceiros.
16. Non se difundirá a través da rede ningunha información, imaxe, vídeo, gravación,... propia, doutro compañeiro/a ou outro membro da comunidade educativa sen autorización expresa do docente responsable.

CONDUTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA NO ÁMBITO DIXITAL OU TECNOLÓXICO.

1. Plaxiar ou copiar traballos doutros e presentalos como algo propio.
2. Enviar mensaxes ofensivas ou intimidatorias ou outras actuacións que constitúan acoso ou ciberacoso escolar dacordo ao establecido no Artigo 28 da Lei 4/2011.
3. Acceder a contidos non indicados polo docente (páxinas, apps, xogos, redes sociais externas,...). En xeral, calquera tipo de uso non educativo.
4. O emprego dos dispositivos tecnolóxicos fóra da aula ou en momentos non autorizados polo profesorado (desprazamentos, entradas e saídas, recreos, cambios de clase,...)
5. Danos graves causados de forma intencionada ou por uso indebido aos recursos dixitais (equipamentos informáticos e software) tanto propios como alleos, así como a súa substracción. Por exemplo, danar a tablet dun compañeiro/a.
6. Proporcionar datos de terceiras persoas (teléfono, dirección...) na internet ou compartir claves de acceso ou nomes de usuario propias ou alleas.
7. Gravación de calquera tipo (vídeo, fotografías, gravación de arquivos de son,...) a alumnado, profesorado e outro persoal do colexio sen autorización.
8. A utilización e/ou difusión a través da rede de imaxes de profesores e compañeiros/as sen a debida autorización, incorrendo nun delito tipificado e penado por lei.
9. A suplantación de personalidade en actividades, chats, aula virtual, etc. segundo o Artigo 38 do Decreto 8/2015 así como acceso non autorizado ao dispositivo dun compañeiro/a ou outro membro da comunidade educativa.
10. Facer un mal uso dos chat (para remitir bromas, rumores, expresións discriminatorias,...) en xeral, para expresarse de xeito irrespectuoso ou insolente.
11. Calquera outra actuación que quebrante o protocolo establecido, as Normas de Organización e Funcionamento e a lexislación vixente.

Observacións: As condutas contrarias á convivencia tipificaranse como condutas gravemente prexudiciais para a convivencia ou condutas leves contrarias á convivencia tendo en conta os criterios establecidos nas NOF elaboradas segundo establecido no Decreto 8/2015. Polo tanto, incorrer nunha conduta contraria á convivencia implicará a aplicación das medidas correctoras sinaladas nas NOF do centro.